

A. NOVA. TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Coste d'un número, 15 América id... 2

PAGO ADIANTADO

NUMERO 113

A CRUÑA 25 DE FEBREIRO DE 1920

Redacción e Administración:

PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

Os caciques querén que Galicia sexa bolchevique

Era xeneral o movemento dos agrarios que con alma limpa e san ideal, se dispuñan prá rexenerazón de Galicia acudindo as urnias. Con verdadeira fé na lei que rixe a materia eleitoral, seguros da súa forza, honradamente, fai xa tempo que desexaban chegar ó día fixado pol'o Goberno prá celebración das eleccións.

Era de veras confortavel e outamente consolador ouservar coma por primeira vez, dende moitos anos a esta parte, s'emprendía por vilas e aldeas forte e activa labor cidadá en proveito dunha Galicia millor, ceibe, e por consiguiente, sin caciques negreiros qu'en comandita ca JARKA centralista faguían d'ela noventa explotación colonial.

As mais vellas e fondas diferencias eran esquencidas, e soilo se pensaba en esnaquizar de maneira definitiva a tráxica dominazón do caciquismo.

As almas de Rosalía de Castro e Concepción Arenal n'as rexións onde todo e felicidade, sentían non poder deixar por alguns instantes os célicos concertos pra tomar parte na Cruzada dos bós fillos da terra que tanto amaron.

Por todas partes nos agros celtas, contr'as bárbaras inxusticias s'escoitaban gritos bravíos e outísimos que faguían saltar os corazóns d'alegría e paréscia qu'as coveiras dos focos centralistas, inexorablemente serían queimadas e qu'as vilas podres terían que sere termocauterizadas pol'as virtudes conservadas nos campos.

Pro... «pol'o ruseiro—según maxistral afirmazón do meu gran amigo López Abente—pasa un fato de xinetes. E a entroidada que busca escravos».

Os farsantes, os explotadores, os caciques... coma obedecendo a unha infernal coñxura, non deixaron que se reuniran

no día sinalado prá proqramación as xuntas municipais do Censo.

Os toparcas de Santa Euxenia de Riveira-Noya, os da Baña, Ames, e tantos outros, facendo estercos da Constitución e trizas da lei eleitoral, demostraron erara e terminantemente que Rei, Goberno, etc., etc... non teñen mais valor nin outro ouxeto qu'ó que pros quintos da provincia da Cruña pode ter no peito dun ladrón a Cruz de Isabel a Católica: valor puramente decorativo.

E agora unhas cantas ouservacións:

¿Queredes saber o verdadeiro significado de todo esto?

Que pra vergonza da nosa patria e pra escarnio de Galicia continúan as inmoralidades e os delitos, «a la faz de las flamantes autoridades» sin espranzas de mellorar de vida; significa o desespero de todol'os homes honrados que, ¡por fin! van comprendendo qu'en Hespaña os caciques poñen, sin contratempus, a lei por monteira, e continuarán malversando o diñeiro dos que con suor e fatigas sin conto regan os campos dunha patria que soilo ós caciques pertence; corbaráanse os Consumos coma denantes, irán á Cárcel—díganos os agrarios de Negreira—cantos sentindo amor a Galicia loitan legalmente por ela; serán soldados quenes non poidan dispoñer de diñeiro suficiente pra que certos segredarios merquen «también a la faz de las propias Comisiones de Reclutamiento y de los Gobiernos» casas por precios qu'endexamais poderían adquirir «todal'as xeneracións de «Xan Quinto»; que os montes públicos e hattr'as aguas dos moñíos irán a formar parte do botín das JARKAS elexidas contr'a voluntá dos pobos pol'o infamante artigo 29.

Diremos tamén, ¡pra quén serve a lei

eleitoral? ¡a quén aproveita? Con don Rodolfo Viñas, que dende Almería se queixa de parecidos atracos, faremos presente: «La ley se hizo para los políticos; a su amparo se han fraguado todos los delitos de estos días. Dice la ley en su artículo 65, «que serán castigados con toda severidad los infractores». Es falso; los delincuentes siguen siendo alcaldes, jueces municipales, caciques, y se ríen socarronamente a presencia de los pueblos humillados. Y si la ley fundamental del Estado no sirve ¿para qué vale el Gobierno y el Parlamento? Concejales son en esta provincia por el artículo 29, imaginado por Maura, centenares de hombres que han delinquido. Será inútil cuanto se pretenda hacer para incapacitarlos. Son los Concejales del Gobierno. Son los hombres del régimen».

Non se pode, con menos palabras, dar tan cabal idea do estado actual por que Hespaña está atravesando.

Pra cantos fiamos ó nazonalismo a resolución dos males da patria, sabemos qu'a política «é loita franca e nobre pol'os ideás» e que si os pobos pudeseran, pol'a forza, arrancal'as actas roubadas por tan cómodo e falsario procedemento, n'hái dúbida de que uns cantos caciques serían arrastrados, mortos varios individuos da forza pública, e varias ducias d'homes condenados a forea...

O cuadro sería desa sorte; pro, fixeron ben os pobos evitando derrame de sangue.

E si non hai crime que quede impune, teñan sabido os que de modo tan vil proceden contr'os dereitos do pobo, qu'eles e soilo eles son os responsables dos froitos que se sucedan da tráxica semente sindicalista contr'a que tanto abominan.

S'é certo que cando das leis dos pobos, e prós pobos, se fan sayos prós oligarcas a morte das inxusticias está preto, os sociólogos da nosa terra teñen na última elección unha envexabre revelación do porvir que nos esperaría.

si non se reacionase contra semellantes persoas e cousas.

Veremos coma n'e certo qu'o sindicalismo nos chega de fora.

Que con gobernos que diante dos crimes de lesa patria feitos pol'os caciques de Galicia, nada fán pra restabececer a fé nunha arela de santa redención posta pol'a raza que n'ela vive e traballa, o sindicalismo e planta coidadosamente cultivada nos nosos campos e da que non se farán agardar os naturais froitos....

Vivir para ver.

F. VAQUEZ ENRIQUEZ.

Compostela, Febreiro de 1920.

A cultura galeguista

Nosa língua en Norteamérica

D. José M. Osma, catedrático da Universidade de Kansas nos Estados Unidos, comunicou á Academia Gallega ía nós tamén, que aquel centro docente puxo como asinaturas do grado, un curso de dúas horas semanais, por semestre, de literaturas rexionais e outro de dúas horas, asin mesmo, pra Filoloxía. Todo a proposta do dito ilustre fillo de Cataluña. Este, pois, ha ser quen esprique os cursos de catalán e galego na nomeada Universidade.

Prega o señor Osma que se lle faciliten informes sobre as producións doutrinarias e literarias de Galicia.

Gracias, pois, a un catalán, o galego vai ser ouxeto d'estudo en Norteamérica pola mocidade universitaria de Lawrence (Kansas).

Esto, cando os traballos nazonalistas de Risco, Castelao, Viqueira e outros doutros irmáns nosos son xa comentados en importantes xornais de Francia e d'outros países europeos, e cando xa apareceu en Portugal unha revista "A Atlántida" orgo da nova cultura galego-lusitana que veñen facendo as "Irmandades" e os mozos intelectuais portugueses.

Verdadeiro contraste co'a falla d'unha sola cátedra de galego en Hespaña.

Triunfo de Camilo Díaz

Noso querido irmán Camilo Díaz, que tantos éxitos artísticos ten colleitado, agora colleitou outro dino de lembranza.

Pra estreno de «La Casa de la Troya» en Santiago pintou unhas decoracións que fono ovacionadas pol-o público d'aquela cidade culta.

O seu imenso dominio do arte escográfico ficou probado de xeito indubiable. O teón que repersenta a fachada da Catedral que olla á praza das Prazerías, é unha obra de mestre, que non puido superare ningún escografista hespañol.

Nosa querendosa embora pr'ó notable pintor.

Documento intresante

A xuventude galega

IRMANS:

O amore á Terra Nosa com'o amore á nay, ha de ser o primeiro sentimento en todo peito galego. Mandadeiros d'ese sagrado amore un feixe de rapaces de bóa vontade, posto-los limpos pensamentos no acabamento d'as escravitudes que agriollan a raza ceita e no desenrolo integral da personalidade galega, facémovos un acceso chamamento de loita a toda-las almas mozas.

Galicia, pó-los feitos e fazañas da súa Estoria gloriosa; pó-la fecunda vitalidade da raza; pó-la fala doce e bela, afinada n'unha literatura tan espréndida nos sigros XIII e XIV coma brillante no XIX e froída hoxe; pó-la música saudosa ou algareira y-en xeneral pó-lo seu arte de puxanza nacente; pó-lo seu paisaxe meigo e úneco; pó-lo seu dereito popular, etc., conserva ílesas, sobrevivindo ás opresións atafagantes y-esmagadoras do centralismo afrancesado, as coalidades características que xúntas e casadas determinan a personalidade rexional, ou, dito con mais propiedade, nazonal, d'un pobo. Ten Galicia alma súa; ten unha espiritualidade diferenciada en matices orixinales, propios, moldeados pol-las máns da Natureza... Pois se a nosa Matria ten pensamento e sentimento propios, s'é maor d'idade... porqué non ha ter dereito a ter vontade propia? Porqué no ha poder desenrolar ceibamente os seus afáns de progreso? Porqué se lle nega poder pra gobernar o seu fogar, y-a súa facenda sin apartamento nin aldraxe da aquelas a que sempre estouvou natural y-estoricamente axuntada? Porqué non ha de ser-lle licito modular as eixpresións peculiares da súa vida civil—sin mengua do idioma internacional ibero-americán—na lingua en que modula as afeccións da súa y-alma?

Contra iste fato de inxustizas, contra ista "capitis diminutio maxima" que ten secularmente escravizada a vella Suevia rebélanse hoxe os nosos alentos novos. Inéditos no comercio das políticas; espidos das cubizas do "egotismo", temos unha ollada d'amor pra tod-las reitas intencións e un brazo forte disposto pra toda loita fidalga e xenerosa. Os mandamentos do noso credo están esquirtos con letras d'ouro nas táboas de leises que se promulgano nas Asembleas Nazonalistas de Lugo e Santiago. Nos arelamos ser cidadáns d'un pobo ceibe engrandecido po-lo traballo dos seus fillos; tesoureiro d'unha cultura propia en toda-las manifestacións do linxenio humán que sexa com'a espiritualización en frocementsos idealistas das nosas arelas de prosperidade. E non son éstos nin aqueles homes, amamantados en vellas teorías, y acufados no noxento molde de malfadados

procedimentos os qu'han de levar á realidade a inxente obra do renacemento da Patria Galega. Ista empresa está-nos reservada ós mozos d'oxe que, tendo com'a honra meirande amosar á faz do mundo a prestanza do noso orixen, damos cara aberta, peito franco e ollada de frente a un porvir mellor. Sosmentos os entusiasmos da xuventude, o fogo dos espíritos inlusionados e accesos, a reciedume das voluntades fortes, pode abranguer o milagre do xurdimento da raza.

E pois que esto é así, todo-los mozos galegos, por ley de Natureza, teñen a obriga santa de se alistare á vangarda da novas milicias; de formar con nosco unha Orde cabaleiresca—na que se lle ha de gardar á muller un posto de honore—, pra esnaquizar inxusticias, conquerir os léximos fueros do noso sangue e da nosa raza. E preciso qu'a mocidade galega entera s'eriga pra incorporar as forzas valentes dos arrestos novos a este levantamento das conciencia.

A "Xuventude Nazonalista de Santiago", ó nacer á vida das ideas e das loitas, espalla nos aires da Terra as sementes dos seus entusiasmos e con elas manda un cumprimento saudó a todo-los que se sintan tocados de vivo amore ó chan nativo.

Irmáns:

Ao recoller dentro das vosas almas o eco da nosa voz de festa, dimpois de agarripalo, volvédeo a ceibar pra que voe de curazón en curazón teendo así o xigante acorde do ¡Hosanna! Liberador.

¡Terra a nosa!

Compostela, Febreiro de MCMXX.

A XUVENTUDE NAZONA-


Comedia enxebre de un xesuíta

O relixioso xesuíta R. P. Celestino Rivera, o quen moitas veces temos loubado xa n'este boletín pol-os fermosos traballos enxebres que publicou en xornais e revistas, fai pouco tempo que veu estrenada en Compostela unha comedia súa en dous actos nomeada «A Señá Tiburcia».

Esta comedia, como nos din, é chistosísima e refrexa moi ben o ambiente santiagués.

O P. Celestino Rivera que coida, cal nós, que os galegos que arrenegan da súa língua fan sin sabelo un desaíre a Deus, posto que as falas naturais obra son de Deus, é merecente da sincera gabanza que eiquí deixamos feita gustosísimos.

Na veira do Miño



O RAPAZ.—¿E logo os da veira d'alá son mais estranxeiros qu'os de Madrid?
(Non se soupo o que lle respondeu o vello).

Liñas dos novos

A nosa fala

A' Srtra. Camila Sánchez García

O noso linguaxe é o mais subríme e doce d'os falados na Hesp'ña. É un romance que fala da fermosura de Galicia. Unha canción recollida d'armuñía d'os vals, d'os montes e d'as campías. Nosa doce fala e a mesma múseca d'as augas d'aquelas fontes esquencidas antr-os ramaxes que os nosos poetas gaban... E o mesmo barullo d'as follas e d'as robredas ao recibire os brandos e acarifados ventos... É o linguaxe que despechou e levantou n'os corazóns galegos o amore á nosa terra, falandolles qu'inda era tempo de conseguir a nosa liberdade, qu'inda nos corazóns mais ruins atopábase a semente da frol galeguista, qu'inda a nosa bandeira c'os seus coores azul e branco se loctria n'as edificacións mais erguidas da nosa terra, coma simbo do final da escravitude imposta polos ruins gobernos da Hesp'ña cativa.

Quen dixu liberdade, dixu xusticia. Non habendo liberdade non pode haber xusticia porque facendo xusticia se fai liberdade. Xusticia e a independenza d'os dereitos

d'as rexions, a independenza d'as suas follas a independenza d'os seus costumes e suas leises. Habendo xusticia chega o acorrallamento d'os escravizadores, o acorrallamento d'os asoballadores, o final d'os reises da caciqueria...

A fala é o cimento da edificación da liberdade que ten que vire. Falando galego xa deixamos de sere da Hesp'ña. Unha campaña sempre en galego chegaria á educación compreta d'o pobo.

Hoxe temos na nosa terra fermosas novelas, contos e infinidade de cousas teatraes, coma tamén pezas da múseca galega, que xa é un principio para començar a xente a educación galeguista. O tempo non'o perde a xente que lle ten amore a Galicia, e a batalla comenza na fermosa Coruña, d'onde cada data e unha nova proba do adianto do galeguismo, do que ten que salire a nosa liberdade, facendo xusticia.

MANUEL PORTO CASAS

Vilagarcía

Lea vostede
A Nosa Terra

Lembranza

A mocidade de estrelas

A «Mocidade Nacionalista» de Santiago—da que n'outro lugar d'este número publicamos o manifesto qu'espallou por Galicia—fixo un acto fúnebre na Irexa de Santo Domingo, ond'acougan as cinzas de Rosalía Castro, en lembranza da morte d'Alfredo Brañas, cuio aniversario compríuse o día 21 derradeiro.

A rentes da tumba do gran orador que adiantándose a Cataluña foi predicare rexionalismo a Barcelona, cando Cambó era un rapaz, e que perpetuou estes versos de consello pra Galicia

Como en Irlanda,
érguete e anda.

Léu unhas cuartillas enxebres o culto estudante santiagués señor Posada Curoos, pondo logo os entusiastas e patriotas mozos nazionalistas coroas e feixiños de frores en col do mausoleio do mestre finado.

Cando a xuventude culta, cando a estudiantina universitaria acolle con agarimo un ideal, pra termar da sua porpaganda, ese ideal trunfa sempre. O ideal nazonalista da nosa terra xurde pois, axeitándose pra chegar ó arelado conqnerimento da liberdade galega.

¡Viva a mocidade Nazonalista de Santiago!

Parrafeos sentimental

(Colloque sentimental, de Verlaine)

N'este vello xardín soilo e lazado
Dúas sombras espertan o pasado
C'os beizos certos, seu mirar mortifio
Sin fala van falando paseniño
Po-l-o vello xardín solo e lazado
Dous pantasma remexen n'ó pasado
—¿Ulo está aquel amor que nos tivemos?
—¿Pra qué queres que d'ele nos lembre-
[mos?

—Xa se foi aquel tempo do pracer
Que xuntan os nosos beizos!—Poida ser.
Que xuntou os nosos beizos!—Poida ser.
Inda en sonos ti ves miña alma!—Non.
—O ceo azul e forte era a esperanza!
—Todo foise, non hai mais que lembran-
[za
N'o xardín c'a tristura camiñaban
Louvía seilo a noite o que falaban
ANTONIO LOSADA DIEGUEZ

Galicia e os estranxeiros

Loubas e verdades tristes

So me preguntádeses cal é a rexión mais fermosa da Hespaña, contestaría sen dubidare: Galicia. Eu son vasco, pro digo que, namentres non se me probe o contrario, Galicia ha seguirme parecendo o país da Iberia onde Deus puxo mais encantos.

En canto á coreñería que se lle atribuye ós galegos, meu coñecemento dos mesmos, autorizame a soste que vin en Galicia mais xeitos de fidalguía, de desintrés e rumbo que n'outras comarcas da Hespaña.

Por qué non ven a Galicia mais xente na tempada do vrán. Pois sinxelamente porque os galegos non se teñen preocupado de facer abranguibre a sua terra ós 'mais hespañoes. As liñas de comunicación con Madri son poucas e rúis. Pra vir a Bayona ou ir á Toxa e Marín hai que resñarse a pasar moitas horas no tren i-algunhas n'unhos automoves esnaquizados que chegan ó seu destino cando Diol-o quer. As ca-

rreteiras mal coidadas (por abandono do Estado, non fan doado o tránsito, e como ninguén protesta, porque o po-bo galego é o mais sofrido da Hespaña, nengún servico público mellora. ¿Qué fan os ministros i-exministros galegos pol-a sua rexión? Nada ou cásiqie nada. C'o diñeiro que malgastou o Estado no ridículo ensono de facer viabre o ensono de González Besada, que pretendía trasformar Pontevedra en porto de mar, teríase d'abondo pra ro-parar tódal-as carreteiras da provincia. Os servicos ferroviarios son pouco frecuentes e sin enlace c'o resto da Hespaña. Pra de ir de Vigo a Barcelona, e indispensable rubir até Madri e no viaxe pérdense corenta e oito horas. As comunicaciós con Bilbao e San Sebastián son da mesma dificultade e igoal lentitude. ¿Até cando? Ate que os galegos faigan sentiren sua forza, qu'é poderosa, a ista burocracia hespañola, rutinaria i-atrasada, que tanto lemra a burocracia dos zares.

Pro ¿é que os galegos decidiránse algunha vez a eispresaren con baril di-nidá seu descontente, com'os catalás?—preguntará o leitore. Y eu respóndo-vos: Dubidoo...

MANUEL BUENO.

Liñas de loito

Finóuse en Santiago don Anxel Porto Rey, libreiro moi acretado n'aquela cidade onde tiña grandes amizades.

Ao irmán de seu, noso querido colega o ispirado poeta Farruco Porto Rey e mesmo que ó seu sobriño Manuel Porto Casas, dámoslles o pésame mais sincei-ro por tan triste perda.

Outro amigo noso D. Xulio Segret sofre un fondo doore.

Seu fillo Xaniño, un rapaz intelixente e bô, morreu na Cruña, deixando un dooroso valeiro no fogar d'aquel querido irmán na causa.

Seipa o amigo Xulio que facemos noso o sofrimento que rae a sua i-alma.

Do humorismo galego

A Esposición de Castelao

Un d'estes días, inda non fixado, definitivamente, hase inaugurar a notabre Esposición de dibuxos e caricaturas do xenial irmán Castelao no salón de festas do «Circo d'Artesanos» da Cruña, emprastado xentilmente pol-a directiva da popular e simpática sociedade.

O nome luminoso de Castelao aforra toda crás de gabanzas. A Esposición, aseguramos por adiantado, que ten de ser un trufo outo pr'ó grande artista da raza e pr'ó galeguismo.

Namentras esteña aberta a Esposición haberá catro conferencias: unha de Vicente Risco, outra de Xaime Quintanilla, outra de Johan V. Viqueira y-outra do mesmo Castelao sobr'o humorismo.

COUSAS DE NENOS? por Castelao.



—Non quero ir porqu'o escolante pégame e a escola cheira que fede.

LERIA NO ADRO, por Castelar.



FLNER COPIN

—Si ó Raisulí lle dan vinte mil peses ó mes, ó Mamed Casanova debéronlle dar, pol-o menos, uns vinte pesiños pra que non se meta c'os civiles.

Os nosos colaboradores de Portugal

O FADO

Expresamente pra A NOSA TERRA.

Pra se cantar bem o Fado
Nao é preciso talento;
Basta a gente ter chorado
P'ró cantar com sentimento!
(Quadra popular).

Desce a noite. Nas ruas estreitas da velha Alfanca ou Mouraria e nas vielas escuras do Bairro Alto, Lisboa vive a vida cantante do seu triste Fado.

Aquí, além, mulheres inda novas vendem a troco duns mízaros cobreos os seus corpos de vestais. Parecem felizes, bohemias alegres, sentadas ás portas dos seus caseiros fumando pregrizosamente cigarros «brejeiros». Baila-lhes nos lábios tintos de carmim um sorriso constante. Nos seus olhos orlados de roxo ha um brilho voluptuoso. Vivem aos bandos em baiúcas infectas, acorrentadas á vontade despótica da miseravel «patroa» que as contracta. Teem «chulos», «macreaux» a quem, por vezes, sustentam e pagam os vicios. Teem cádastrro na policia. Rara é aquella que

na se sentou já nos bancos da Boa Nora e não durmia «enroscada nas palhas» dos cellos do Aljube. Fumam e bebem como homens, e como elles se envolverem em desordens e zaragatas onde «riscam» a «naifa». Vivem de noite. A lus do sol fere demasiado a sua retina cansada. O «tascó» é o seu «club»; a aguardente o seu «champagne»; um naco de «b'rôa» e um pedazo de bacalhau cru com azeitonas o seu manjar predilecto.

Sao a «alegría» da noite. Emquando Lisboa honesta e trabalhadora descansa das fadigas do trabalho quotidiano ellas «ganham a sua vida».

Felizes, alegres, bohemias loucas, incensadas de prazeres, ardendo na febre intensa da orgia! Quem presenciase a sua Alma viria adentro do sacrario religioso do seu peito a dór acerba e cruciante minando día a día a sua existencia. Perderam a familia. Sós, abandonadas, proscriptas, teem, também, as suas horas amargas, doridamente tristes.

Entram para o Fado «meninas e moças», na primavera da vida. Nunca passam do outono. A siphilis e a hiberose anasiam-nas á galla commum quando o inverno inda vem longe. E morrem na enxerga dos hospitaes sem um beijo acariciante de mãe, sem a unção de Deus! Um ou outro fadista, uma ou outra companheira as seguen até á sua última morada; sem uma lágrima, sem um soluço, sem um triste ai!, nin adeus!

! A vida do Fado, miseria e lodo, podridao e crime!

! Quantas dessas desgraçadas nao teriam sido boas filhas, carinhosas esposas e divinas mães se a mão do Destino, feito Peccado, as nao arrastrasse á corrupção!

! Quantas dessas miseraveis fadistas, vadios e ociosos, nao teriam sido bons fillos, exemplares maridos e amantissimos paes, honestos e trabalhadores, se a propia Sociedade, na sua estrutura psychica de veniaga, de vicio, de crime e de devanidao, os nao levasse á vida do Fado!

Aprendia a cantar o fado
No collo de minha mãe.

E a quadra-estribillo do fadista portuguez. Ha nella mais do que a voz do sangue, mais do que a degenerescencia de unna raza; há a pustula repugnante do Cancro da Sociedade!

Chora-se logo ao nascer

Uma dór desconhecida,
Para apprender a viver,
Nas amarguras da vida!

diz algures no seu precioso livro «Sem Norte» o meu querido amigo e grande poeta Cruz Magalhaes. Di-lo o poeta; sentem-no todos, e mais ainda os que no Fado creem.

Outro grande poeta Augusto Gil, um dos maiores lyricos modernos portuguezes, no seu «Canto de Cigarra» também canta a vida do Fado na «Canção das perdidas».

E há no mundo quem affronte
Uma mulher quando cahe...
Nasce água limpa na fonte,
Quem a suja é quem lá vae!
ou entao

Quem por amores se perdeu
Nao chore, nao tenha pena,
Que uma das Santas do Ceu,
Foi Maria Magdalena!
e fecha assim:

Se aquillo que a gente sente
Cá dentro tivesse voz,
Muita gente, toa a gente
Teria pena de nós.

Verso que toda a mulher perdida, a fadina genuína da velha Alfanca ou Mouraria e do Bairro Alto, canta ao som melancolico da guitarra, na harmonia suave dum arpejo do fado, cerrados os olhos da cara para que só os da

Alma penetren no segredo misterioso da súa propia vida de Dôr e de Tristeza infinitas.

¡O Fado portuquez!

Canção dorida que a guitarra acompaña em gemidos dolentes, na euri-thmia extranha e profunda duma Tristeza que sorri e duma Dôr que solta gargalhadas estridentes.

E' paradoxo, mas é a realidade!

ARMANDO BOAVENTURA.

Madrid, janeiro 1920.

O concurso da "Irmandade, de Betanzos

A «Irmandade da Fala» de Betanzos avisa pol-a meiación d'este boletín que o concurso d'obras teatraes qu'ela ten aberto axiña chegará ó romate.

Choido xa fai tempo o prazo d'admisión de traballos, agora ven xuzgando o Xurado calificadoros aqueles, e de contado ditará fallo.

Este non poido facerse de xeito súpeto e ten que ire paseniñamente, por mor de que os membros do Xurado radican en vilas difrentes e os orixinaes ó pasaren d'un a outros, supoñen un bá roubo de tempo.

Serva isto d'aviso pr'á tranquilidá dos concursantes.

Consideraciós axeitadas

¡Memento homo...!

«Lémbrate, ouh home, qu'és polvo», oúvimoslle decir hoxe ó crego ao botarhol-a cinza na cabeza. ¡E qué tristemente soan estas verbas! Non pol-o significado qu'a Igrexia lles dá, non, senón pol-o pensamento que suxiren.

Non podemos negar que somos polvo, pro ¿somos somentes polvo? ¡Non hai en nosoutros algo que nos aloñe do polvo, algo mais nobre que nos califique, que faiga imposibre a comparación do home—supoñendo que a verba peche os dous conceptos eisenzas ao home—c'o polvo?

Fatalmente, de moitos non se pode decir qu'eixista n'eles cousa que os distinte do polvo, nen pouco nen moito:

Son ese «homes» nos que a razón e a vountade están tolleitas, mellor dito, apioladas a outras vountades que as levan pr'onde queren; son os homes sen persoalidade, sen concenza do que son nen do que poiden; son as forzas cegas qu'aproveita o primeiro mecánigo que chega; son... o polvo da ñoranza, incapaz de resistil-o sopro do engañío. ¡E cántos hai d'iste xeito na nosa Terra! Almas valeiras de vida, entangareñadas co friu da ñoranza,

U... ju juu...

(Poema futurista)

Terra

Duas áas diagonaladas d'azur batea no mar
Sóbor do Atlántico a diastole imensa da raza

Vapor eu todol-os motores do mundo

Añudadol-os nesos nervos á todol-os fios eléctricos
Terra.

A Cruña fita as brétemas d'Irlanda

Vigo os raña-ceos de Nova York

GALICIA FOR EVER

CRUÑA

Puntos de tensión máxima da vida

VIGO

Terra.

Nudo de todol-os fios

enfiando total-as vilas do mundo

Todal-as sirenas a un tempo a sonar

Trés pintados de sol furando a terra.

no cabo de todol-os paralelos

Terra

As flechas das arelas solagadas da Atlántida

Nas nosas espadañas.

onde repican ó bautizo dos séculos novos

Antenas pra radiografial-os nosos himnos ás estrelas

Terra

Folgos de millós de peitos

Mañan

Brinco de total-as vountades

Estralar de todol-os miolos

Terra

N. S. E. W.

Terra

Chuvia d'estrelas

Alborada

Lostrego

Rayos X

Profecía

Terra

O ceo rachou d'arriba abaixo

Terra

HIP HIP HIP

HURRA

VICENTE RISCO.

Xaneiro, 1920.

tan afeitadas a sofriren que nen siquera piden descanso no door; xentes que non saben ceibarlle unha maldizón ao tirán que as escraviza que non s'atreven ábril-a boca pra pedir, cando teñen sempre a man aberta pra dar ó «amo», —señor de forza e coitelo—non o que lle deben, senn o qu'él quer que lle deban.

A istes homes é inútil falarlles da independenza da Terra: Non-a entenden.

Hai que facerlles ver que teñen dereito a repôrse, cando o goberno lles pide o que non teñen, cando o cacique os amenza con deixalos sen as leiras se non votan por él, cando, en fin, calquera que sexa abusa da boa fé d'eles. Isto hai que facelo de xeito que non se leven a anarquía da desesperazón:

hai que facerlles perder os estintos d'ovella e coidar que non se volten tigres; hai que amosarlle a vitoria e o modo como se conquiere traballando, non ás tolas y-á pulos, senon con concenza do que fan e sen esmorecer.

Pra isto espallar as ideas nos xornaes será quizais chegar á veira do éisito; pro eu xuzgo que, pr'apreixalo, o millor é falar cada un ao aldeán que conoza, porque as verbas ouvidas tran tod'o fogo do corazón que as dita e meten o convencimento no peito, mentras qu'as escritas perden moita forza no papel, e, na opinión dos labregos, non son tan sinxelas como nosoutros pensámbos.

ENRIQUE BATAN.

Mondofredo, 18-2-20.

PENEIRANDO

Dato, galego por casualidade,— naceu na Cruña—, acaba de lograr que axiña seia un feito o ferrocarril de Victoria a Estella.

En troques ningún exministro galego, ningún deputado nin senador por distritos da nosa Terra, conseguiu un solo kilómetro de liña férrea pra nosoutros.

¿E aqueles farsantes cunceiros—o Gullón, o Soto e demais—que iñan facer e desfacer no do ferrocarril da Costa?

Non vos lembrades de que o Gullón prometera «obstrucionar» tódolos proxectos de ferrocarris, si o Goberno non atendía ó de Ferrol a Gijón.

E aínda se lles teñen consideracións ós noxentos politiquiños galegos e hai un Concello com'ó da Cruña que recibe no seu «landeau» ó fatídico Wais?

Temos o que merecemos... ¿Por parvos!

E na Cruña hai tres deputados e aínda non se teñen conseguido unhas miserables pesetas pr'ó Observatorio dos Moíños?

Votade e adulate como carneiros os caosantes do atraso de Galicia.

Vánse facer somatés en Galicia.

¿Co'a simpatía do pobo? Non.

Vánse facer somatés como se poderían facer coadros de policías honorarios.

Que no fondo entrambas cousas son unha mesma.

Os somatés en Cataluña, cal os miguelotes en Euskadi, teñen tradición. Pro en Galicia ¿qué pito tocan?

Camiñan en decadencia os Esportadores con seren orgaísmo mais simpático, por que resultan cousa exótica e coídan que irán a algures os somatés!

¿Qué chistosos han estare aléus pacíficos conveciños nosos armados de tódalas armas?

Tartarán ó seu rente, parecerá un home serio.

Don Agustín García, que leva corenta anos de caciquear sin ideal de ningún xeito, sufríu unha derrota eleitorreira en Sada.

O que o derrotou foi o Cesariño, seu parente.

Mais o gracioso é que o Agustín i-o Cesariño, chámanse demócratas. Entrambos son da política do Marqués do Espliego «pol-o d'agora».

I-o triste resulta que facendo de comparsas do Cesariño aparecen os agrarios i-os mariñeiros de Sada, xentes boas e homildes a quenes engaiolan qui-

zais os qu'entre eles fan oficio de pastores, e'ó aquel de chamárense «ánxeles» e «xustos».

E pra este resultado foron tantos irmáns nosos a espallar as súas ideas de redenzón na Sociedá de Defensa Viciñal?

¿Pobres mariñeiros e agrarios de Sada!

A Viturro, vanlle custear as insinias da cruz de Sabela a Católica os diputaídos provinciais a conta do capítulo d'imprevistos.

E lóxico. ¿Qué cousa mais imprevista que a de que un home que non fixo na súa vida máis que cacicadas se lle dea unha cruz honorífica?

¿Porque unha cruz das outras si qu'era xusta.

¿Caray con Romanones!

Esto dicirán moitos vivos da nosa terra que teñen póstol-os seus ollos a obitio no mesías Leopardo Rodríguez.

Por mor do coxo, Leopardo tivo que demitir unha bicoca presidencial de moito ferro.

E os amigos pra poderen servir sempre están millor no outos cárgos ¿qué demoro!

Pol-o demais ¿viva o romanonismo galleguista! E vivan tamén os romanonistas de por acó que a forza de cartos quérense facer caciques tendo concellaeas de seu, como Riestra ten ministros.

¿Quén o diciría fai algúns anos, consecuente Corbacho!

O Sr. Suárez González, exmaurista—xa se lle conoce pol-o estilo cursi e enrevesado—que agora chámase independente, sendo dependiente d'un plutocrático romanonista, despois d'escibir con letra mayúscula Progreso, Cidadanía, etc., dixo n'un artigo qu'él aspiraba a facer libertos ós eleitores do terceiro distrito...

¿Conque libertos! Este é un aldraxe, perdeable pol-a inconscencia que o ditou. ¿Ai Sr. Suárez e vosté é letrado?

Libertos, nos tempos de Roma, eran os escravos que facían aicíos loubatorias.

Pro de liberto a libre inda iña distancia.

E vosté quere facer libertos ós escravos do terceiro distrito... ¿Acabouse o carbón!

Pois nosoutros, quémolos libres. E xa probaron qu'eran libres ó desbotalo a vosté que merecería suspenso en dereito romano e en Gramática castelana e tamén en «Economía» por que, según din, ceibando cartos non'o fixo mal.

Andan por ahí perguntándose as xentes quen terá de ser o futuro alcalde da Cruña.

Unhos din que Lens, outro que Longueira i-outros que Crespo.

Nós coidamos que o derradeiro é o mais axeitado. Non se chama Pedro Crespo? Pois porque non ha permitirse o luxo a Cruña de ter d'alcalde un homomino do de Zalamea.

Longueira, pol-o apellido é mais galego. Lens, como farmacéutico podería darlle algún reconstituyente á anémica facenda municipal.

Pro un Pedro Crespo, resulta tentadere. E si se asomella no rexo ó alcalde de Zalamea... D'aquela poderíamos cantar:

No pazo edilicio, entrei e por Pedro Crespo (non sabemos si Calvo ou Peludo) Xastre, carpinteiro, perguntei...

Agás que diamos co'a vara en Salvadores, pra que nos mida con medida castelana.

O boletín «Ultreya» de Compostela publicou un artigo do señor Salgado e López Quiroga, defendendo o noso idioma patrio e zorregando xustamente nos ricachós galegos.

Moi ben, colega.

Estos derradeiros días deron tabaco nos estancos da Cruña. As «colas» feitas pol-a xente que agardaba ves para mercal-o, compoñíase mais que de homes, de mulleres.

O gobernador en vista d'elo, acordou destinar dous estancos para elas, e os demais, para os homes.

Tal medida gubernativa de qu'as mulleres «teñan cola», parécenos ben, qu'hai algunhas co-esto da nova moda das faldas cortas, que... ben-as percisan, pois unha cousa é insinar ao que non sabe, e outra cousa e amostrar ao que ben vé.

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao adeministrador pra facer a recramación no correo.

Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

Soscribase a NOSA TERRA

Faise cárrago de todas
cras de traballos grá-
ficos, en imprenta, lito-
grafía e fotograbado,
ansi coma sellos de
caucho

A Papeleira Galega

BARREIRA, 7

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGABADO

A CRUÑA

Tel. 434

"PATENTE-SALVAVIDAS,,

O millor pra pintar os
fondos dos barcos. Ga-
nou Diploma de Hono-
re, Gran premio e me-
dalla d'ouro nas Expo-
sicións de París
e Londres.

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell ^{Vigo} _{CRUÑA}



COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos,
Montevideo e Bos-Aires

O día 8 de Marzo de 1920, aproisimadamente e salvo continxencias, sairá do porto
da CRUÑA o paquebot correo francés de 10.000 toneladas.


Samara

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 359'60

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUNA



Compañía Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da
CRUÑA sobor do 13 de Marzo, o lixeiro e magnífico vapor

MALTE

de 10.000 toneladas

Admite pasaxeiros de cámara e 3.^a cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 359'60

Nenos mais novos de dous años, un gratis por familia.

De dous a 10 años, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 años, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 años, chavadas pol-os seus maridos, non poder
embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION
de BOS-AIRES, permitíndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autori-
zacións, nin poderes dados ante os Cónsules hespañoles.

As mulleres que se atopan n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar.
Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da sua
familia.

O día fixo da saída anunciarase coa oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA

EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102—A CRUÑA

O novo dono dista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, locíos e friciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o público un servizo permanente a cárgo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA
Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Compra e Venda

de máquinas de coser de todol-os sistemas.

Reparaciós e amaño das mesmas. Venda de pezas soltas, agullas e aceites.

Taller de relojería: Traballoes especiaes para reloxeiros

Dirixirse a
MANOEL PELLEJERO

San Andrés, 76 - baixo — A Cruña

Materiales de Construcción

CEMENTO ASLAND
MADEIRAS — CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

**Ignacio Pedregal
NA CRUÑA**

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Frábica Mecánica
::: de Calzado :::**

— DE —

ANXEL SENRA

RUA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA

Hotel Continental

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28

O MELLOR SESVIDO

— DE —

**M. Losada Prado
A CRUÑA**

FARMACIA EUROPEA

— DE —

**LOPEZ ABENTE
REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

aproisimadamente e salvo continxencias, sairá para a

Habana e Veracruz o rápido paquete correo



Prezos do pasaxe (incruído os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarote de luxo.	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. interiores.	» 1.668'75	1.753'75
Primeiracrase		
Ponte superior:		
Camarote exteriores.	» 1.498'75	1.593'75
Id. interiores.	» 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	» 1.103'75	1.068'75
Preferencia.	» 898'60	798'60
TERCEIRA CRASE.	» 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente. O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitir seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

D NICANDRO FARIÑA — Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


Xuan Vázquez Pereiro

A mill'or fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS



GRANDES TALLERES
DE LAVADO E PRANCHADO
DE ROUFA NOVA E DE USO

Despachos centraes:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12
Vigo: Praza da Constituzón, 12

Sucursaes na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu'é reprodución da marca de garantía eiquí estampada.

Recíbense encárgos de fora, y-espídense por meo das nosas sucursaes.

Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sirvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárgos.

Os viños e coñás millores

son os que'isporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouht mais selecto

de mundial e reconocido sona é o ZINZANO (Torino).

Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña


EL NOROESTE

XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)



LLOYD REAL HOLANDEÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIÁ

Saidas. fixas-regulares da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respeito a datas de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO